



Uns 2.000 alumnos de 40 centros escolares chegaranse mañá á robótica a través da videoconferencia de Susana Oubiña Falcón organizada pola CGENDL

Susana Oubiña, profesora de Tecnoloxía no IES de Vilalonga e investigadora, licenciada en Ciencias Físicas na especialidade de Electrónica pola USC e Máster en Enxeñería Telemática pola UVigo, dirixirase ao alumnado de 5º e 6º de Primaria e 1º da ESO Secundaria para falarlles da “Arpa Leap Motion” e á vez interaccionar con eles a través dun chat.

A Coordinadora Galega de ENDL organiza por sexto ano consecutivo este evento con motivo do Día da Ciencia en Galego, que reivindica o uso vehicular da lingua galega nas materias científico-técnica, onde o seu uso é marxinal tras a imposición do Decreto do Plurilingüismo por parte da Consellería de Educación.

Participarán 40 centros escolares e uns 2000 alumnos e alumnas este martes 26 de abril.

A Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística completa cunha nova videoconferencia, desta volta especialmente pensada para o alumnado de Primaria, os actos do VI Día da Ciencia en Galego, que se celebrou no mes de novembro.

Na videoconferencia, que dará comezo ás 11:30 e terá unha duración dunha hora, **Susana Oubiña Falcón**, profesora de Tecnoloxía no IES de Vilalonga e investigadora, licenciada en Ciencias Físicas na especialidade de Electrónica pola USC e Máster en Enxeñería Telemática pola UVigo, ofrecerá una charla para o alumnado de 5º e 6º de Primaria e 1º da ESO baixo o título “**Arpa Leap Motion**”. O reto consiste en conseguir deseñar, programar e facer soar unha arpa, para que o alumnado cree a súa propia música. Para conseguilo, introducirá os rapaces e rapazas na robótica utilizando o software Scratch 2.0, que conectará ao dispositivo de infravermellos Leap Motion. Como produto final, obterase un instrumento musical (arpa), que se poderá usar de forma moi sinxela: só movendo no aire os dedos das mans.

O evento, que será retransmitido por Youtube, será seguido por 2000 alumnos e alumnas de 40 centros educativos de toda Galicia. Ademais de seguir en vivo a intervención da conferenciante, o alumnado poderá trasladarlle preguntas a través dun chat.

Esta videoconferencia, xunto con numerosas actividades presenciais que se desenvolveron no mes de novembro nos centros educativos, nas universidades e en diversas institucións, procura que o alumnado teña acceso á ciencia sen ningún tipo de prexuízos, nin sobre a ciencia, nin sobre todo en canto ás posibilidades de aprendizaxe da ciencia en calquera idioma, tamén o galego. Os colectivos convocantes (AGAPEMA, APETEGA, ENCIGA e IGACIENCIA) e as institucións e entidades que se suman cada ano a esta data reivindicativa, como a CGENDL, queren expresar deste xeito que todos os idiomas, neste caso o galego, se aprenden usándoos en todos os contextos, tamén nos relacionados coa ciencia e a tecnoloxía, a pesar do Decreto para o Plurilingüismo que a Consellería de Educación impuxo para eliminar o seu uso como lingua vehicular de diferentes materias destes ámbitos.